

TEMA 2. O Islam e Al – Andalus

Índice

- 1. A aparición do Islam → páxina 2.**
- 2. O Islam: características → páxina 2.**
- 3. A expansión do Islam → páxina 3.**
- 4. O Islam na Península Ibérica: Al-Andalus → páxina 4.**
 - a. Etapas da historia de Al-Andalus
 - b. Economía e sociedade andalusí
- 5. Cultura e arte islámicas → páxina 7.**
 - a. Cultura
 - b. Arte
 - Partes da mesquita.
- 6. A cidade islámica → páxina 10.**

TEMA 2. O Islam e Al – Andalus

1. A aparición do Islam

a) A Arabia preislámica

- ✓ **Economía** → agricultura, gandería e comercio de caravanas.
- ✓ **Relixión** → eran politeístas. Na **Meca** tiñan o seu centro relixioso, no cal se encontraba a **Kaaba** (santuario principal da relixión islámica, onde se atopa a pedra negra).



b) Mahoma

- ✓ Nace no **570 d. C.**, quedou orfo moi pronto e foi educado polo seu tío, co que traballaba conducindo caravanas.
- ✓ Casou ós 25 anos cunha muller viúva de familia adiñeirada. Ó pouco tempo, ten unha visión. Nela, o *arcánxo Gabriel* anuncioulle que el era o **novo profeta** de Deus (**Alá**) e debía **predicar unha relixión nova** (o Islam).
 - A mensaxe de Mahoma non foi ben acollida na Meca, e tivo que fuxir no ano 622 dende a Meca a Medina → isto é o que se coñece como hégira. Así mesmo, esta é a data de inicio da era musulmá.
 - En Medina, conseguiu converter ós seus habitantes ó islamismo, e coa súa axuda puido atacar a Meca (**630**) e ir implantando a nova relixión por toda Arabia.

2. O Islam: características

Características da relixión islámica:

- É unha relixión **monoteísta** (é dicir, crenza nun único deus).
- Ten un libro sagrado: o **Corán**. Recolle as ensinanzas que Alá rebelou a Mahoma.
- O seu **profeta** é Mahoma.
- Non hai sacerdotes, senón **imáns** (directores da oración) e **ulemas** (sabios que interpretan o Corán).
- A **organización política, social e económica** baséase na tradición e no Islam.
 - O poder pertence a Alá → os califas (xefes políticos e relixiosos) son os seus delegados.
 - Expansión do Islam → mediante a Yihad (guerra santa).

As predicacións de Mahoma foron recollidas no **Corán**, o libro sagrado dos musulmáns, que contén os **cinco preceptos ou deberes** básicos da relixión islámica:

* **Obrigas:**


1. A **profesión de fe** nun único deus, **Alá**.
2. **Rezar cinco veces** ó día (en dirección á Meca).
3. Facer o **xaxún** no mes do Ramadán.
4. Dar **esmola** ás persoas necesitadas.
5. **Peregrinar á Meca** polo menos unha vez na vida.

Tamén existen determinadas **prohibicións**, como:

* **Prohibicións:** tomar bebidas alcohólicas, comer carne de porco, practicar xogos de azar, etc.

3. A expansión do Islam

Pouco a pouco, a **civilización islámica** foise expandindo e acabou formando un **imperio**. Na súa expansión podemos distinguir **3 etapas**:



- **Despois da morte de Mahoma** → islamizáronse as zonas de Exipto, Iraq e Siria.
- **Ata o ano 750** → goberno dos **OMEIAS**.
 - **Capital:** Damasco (Siria).
 - O poder é exercido polos **emires** (gobernadores) e os **visires** (primeiros ministros).

- Islamízanse as rexións de Irán, Afganistán, Asia central, Pakistán, o Norte de África e a Península Ibérica.

○ **Desde o ano 750:** goberno dos **ABÁSIDAS**.

- Os abásidas chegan ó trono tras perseguir e asasinar ós membros da dinastía omeia (agás Abderramán I, que chegará á Península Ibérica).
- **Capital:** Bagdad (Iraq).
- Prodúcese a **independencia** política e relixiosa de territorios como Al-Ándalus (que forma un califato propio).
- Freo da expansión militar. O Islam estenderase dende entón por vía comercial, a través de África, Malasia, Indonesia...
- Distinción entre a poboación:
 - ❖ **Musulmáns:** teñen vantaxes sociais e económicas.
 - ❖ **Non musulmáns:** poden manter a súa relixión pero pagando tributos ou impostos (chamados *yizya* e *jaray*).

4. O Islam na Península Ibérica: Al-Andalus (711 – 1492)

O Imperio Islámico, en plena expansión no século **VIII**, vai ocupar a Península Ibérica aproveitando a debilidade do reino visigodo.

- **Inicio da conquista** da Península Ibérica → **Batalla de Guadalete (711)**. Entrada dos musulmáns do Norte de África polo Estreito de Xibraltar. Estes vencen ó exército visigodo de Don Rodrigo.

- A Península Ibérica é dominada, practicamente na súa totalidade, en tan só 10 anos. Así, pasou a ser unha **provincia dependente do califato de Damasco**.
- Tan só a zona do norte de Cantabria e Asturias quedaron fóra do poder musulmán.

A CONQUISTA DA PENÍNSULA IBÉRICA



ETAPAS DA HISTORIA DE AL-ANDALUS:

1) **Emirato dependente do Califato de Damasco (711-756).** Al-Andalus é unha provincia do califato omeia de Damasco.

- ✓ Non ten independencia política nin relixiosa.

2) **Emirato independente de Bagdad (756-929).** Fórmase coa chegada a Al-Ándalus do omeia Abderramán I.

- ✓ Independencia **política** pero **non relixiosa** do poder central.
- ✓ Etapa de auxe económico e cultural.

3) **Califato de Córdoba (929-1030)** → Abd-al-Rahmán III crea o Califato de Córdoba.

- ✓ **Independencia política e relixiosa.**
- ✓ Período de maior esplendor e estabilidade de Al-Andalus.


4) **Reinos de Taifas (1030-1232):**

- ✓ Causa da súa formación: debilidade do Califato → consecuencia → **división de Al-Ándalus en 25 taifas** ou reinos independentes.
- ✓ Estes reinos foron axudados por **almorávides** e **almohades** na súa loita cos reinos cristiáns da Península Ibérica. Con todo, finalmente as taifas foron conquistadas polos exércitos cristiáns, agás un deles (o de Granada).

5) **Reino nazarí de Granada (1232-1492):**

- ✓ Este reino posuía grandes riquezas, que lle permitían pagar tributos ós reis de Castela.
- ✓ Perdurou ata **1492** (cando foi conquistado polos Reis Católicos).

Liña do tempo: O Imperio Islámico e Al-Andalus



Mapas: a evolución de Al-Andalus (s. VIII – s. XV)

A O EMIRATO INDEPENDENTE DE CÓRDOBA (SÉCULO VIII)



B O CALIFATO DE CÓRDOBA NO SÉCULO X



C PRINCIPAIS REINOS DE TAIFAS NO SÉCULO XI



D

O REINO NAZARÍ DE GRANADA NO SÉCULO XV



ECONOMÍA E SOCIEDADE ANDALUSÍ

- **Economía** → as **ciudades** eran o principal centro económico (especialmente os **zocos** ou mercados que había dentro das cidades islámicas).
 - **Agricultura:** a maior parte da poboación dedicábase a esta actividade.
 - ✓ Desenvolvemento do **regadío**.
 - ✓ Introducción de **novos cultivos**, como o arroz ou os cítricos.
 - **Comercio:** parte moi importante da economía islámica andalusí. Al-Andalus exporta (é dicir, vende a outros lugares do mundo) produtos agrícolas e de artesanía, e importa (compra a outros lugares do mundo) materias primas, ouro...
 - **Artesanía:** destaca o traballo do téxtil, o coiro, o vidro...

○ **Sociedade:**


Poboación musulmá:

- **Árabes** → teñen o poder político, social e a propiedade da terra.
- **Bérberes** → dedicábanse ó pastoreo.
- **Muladíes** → hispano-visigodos convertidos ó Islam.

7

Poboación non musulmá: pagan máis impostos e teñen menos dereitos que os anteriores.

- **Mozárabes** → hispano-visigodos que manteñen a relixión cristiá pero que viven en terras musulmás.
- **Xudeus** → persoas de relixión xudía, que se dedicaban a actividades como o comercio, a artesanía, a medicina...



5. Cultura e arte islámicas

Cultura:

- A **lingua** común en todas as zonas islamizadas era o **árabe**. Isto facilitaba a transmisión cultural e a integración dos habitantes do Imperio Islámico.
- Introducción dos **números arábigos** (1, 2, 3...).
- Desenvolvemento das ciencias, como a **astronomía** ou a **medicina**.

Arte:

- **ARQUITECTURA** → uso do ladrillo, de arcos (como o arco de ferradura ou os arcos lobulados) e as cúpulas.
 - a) Edifícios cunha **decoración** moi rica → uso de **mosaicos** e **mármore**s.
 - b) Principal edificio representativo da cultura islámica → a **mesquita**.

Algúns **exemplos** destacados da arquitectura islámica **andalusí**:

- ✓ Mesquita de Córdoba.
- ✓ Torre do Ouro (Sevilla).
- ✓ Xiralda de Sevilla.
- ✓ Alhambra de Granada.
- ✓ Palacio de Medina Azahara (Córdoba).



Xiralda (Sevilla)



Interior da Mesquita de Córdoba

- **ARTES DECORATIVAS** → destacan a **cerámica** islámica e as **miniaturas** coas que decoraban os libros.



Pratos de cerámica do período andalusí





Páxina do Corán (Al-Ándalus, s. XII)

Partes da mesquita:

A **mesquita** é o templo dos musulmáns. É o lugar de reunión dos crentes no Islam e de estudo dos textos coránicos. Trátase dunha edificación xeralmente de planta rectangular, na que destacan os seguintes elementos:

- O **minarete** ou torre dende a que o muecín chama a oración.

- O **patio** (*sahn*), moitas veces con vexetación e rodeado de pórticos, no que se sitúa a **fonte** na que se realizan as ablucións purificadoras antes de entrar no lugar de culto.
- A **sala de oracións** (*haram*) na que os crentes realizan os rituais do rezo. Ás veces está separada en naves mediante columnas.
- A **quibla**, o muro orientado cara á Meca no que se sitúa o **mihrab** (pequena capela).
- O **mimbar**, púlpito desde o que o imán dirixe a oración.




6. A cidade islámica


Aínda que a maioría da poboación vivía no campo, as **ciudades** foron moi importantes no mundo musulmán, porque eran o **centro económico, cultural e político**. Eran moi grandes, en comparación as da Europa cristiá.

Elementos da cidade islámica:

- **Muralla:** estas tiñan varias portas que eran pechadas pola noite.
- **Medina:** era a parte máis importante, o centro da cidade.
- **Arrabaldes:** barrios pobres situados ó redor da medina ou cidade, fóra das murallas.
- **Alcázar:** centro da vida política. Recinto fortificado onde vivían a autoridade local e os seus funcionarios.
- **Zoco:** mercado. Era o centro da vida económica da medina.
- **Alfóndegas:** almacéns onde gardaban as mercancías os comerciantes.
- **Baños:** estes seguían a tradición romana das termas. Estaban formados por tres salas principais (baño de auga fría, baño de auga tibia, baño de auga quente).
- **Vivendas:** eran casas pequenas de dous pisos, construídas en ladrillo. No piso superior estaban as habitacións privadas. O mobiliario era escaso (alfombras, esteiras, baúis, arcóns...).

PARTES DA CIDADE ISLÁMICA





O centro da cidade era a **medina**, que tiña a súa propia muralla e albergaba a **mesquita** maior e o **alcázar** ou residencia gobernativa. Tamén tiña fontes con auga potable e baños públicos.

A actividade comercial concentrábase no **zoco** (mercado) e na súa proximidade había **alfóndegas** (hospedaría ou casas

públicas destinadas á compravenda de trigo) para as caravanas que chegaban á cidade. A **alcaicería** era un espazo cerrado dentro do zoco, onde se vendían as mercadorías máis valiosas.

As minorías mozárabe e xudía adoitaban vivir en barrios separados. Os barrios fóra das murallas eran os **arrabaldes**.